

2. XI ENCONTROS DE CONSELLOS ESCOLARES AUTONÓMICOS E DO ESTADO

PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

0. INTRODUCCIÓN

É este un documento de síntese que intenta recolle-las diferentes propostas e suxestións de mellora que en relación coa atención á diversidade se aportaron desde os diferentes consellos escolares autonómicos e do Estado.

Sempre existe o perigo neste tipo de documentos de que algunha proposta quedara fóra ou ben que a nova redacción non recolla aquilo que se quería dicir. Para solucionar calquera destas circunstancias, está o debate que terá lugar ó respecto. O redactor do documento pide escusas adiantadas polo que puideran ser omisións ou interpretacións desaxustadas das propostas iniciais e permítese facer dúas aclaracións previas:

4. As propostas foron agrupadas en seis categorías coñecendo que tales agrupacións poden resultar, nalgúns casos, un tanto forzadas. Non perdamos de vista que se trata dun simple instrumento para organiza-la información que pode resultar discutible pero que en ningún caso ten importancia fundamental.
5. Algunhas das propostas realizadas non están recollidas aquí porque, aínda sendo elementos discutibles de mellora no proceso de ensinanza-aprendizaxe, non o son de carácter específico para o que nós entendemos como atención á diversidade.

Trátase, por exemplo, de propostas que se refiren á coordinación horizontal, ó traballo en equipo, etc., que, se non se fan eficazmente, dificultan o proceso de ensino-aprendizaxe especialmente nese tipo de alumnos con necesidades diversas, pero que non son específicas destes casos.

1. CONCEPTO

- 1.1. A diversidade é unha característica da humanidade. A atención á diversidade débese considerar como o elemento imprescindible da comprensividade e, deste xeito, contiútese en garantía da consecución dun dereito fundamental, o da igualdade de oportunidades, e non pode ser en ningún caso discriminatoria nin segregadora.

- 1.2 A atención á diversidade implica todo o centro no seu conxunto e, xa que logo, constitúe unha estratexia xeral que ten como finalidade lograr que a práctica docente se axuste ás diferentes necesidades dos alumnos. Neste sentido, fálase de personalización ou individualización do proceso educativo, e non só para aqueles alumnos que mostran dificultades, problemas ou limitacións persoais ou oficiais. Esta atención á diversidade debe estar recollida en tódolos documentos de planificación institucional e didáctica: proxecto educativo, proxecto curricular, programacións, adaptacións curriculares, etc.

Para iso cumprirá en moitos casos impulsar campañas de sensibilización entre a comunidade educativa nas que a diversidade se considere como un valor positivo, tratando de establecer actitudes favorables a ela.

2. ESCOLARIZACIÓN

As propostas recollidas nesta categoría non só se refiren á escolarización nos diferentes centros, senón tamén ás distintas modalidades de escolarización.

- 2.1. A atención á diversidade débese considerar como unha resposta estrutural do sistema educativo a unha demanda social e, nese sentido, a resposta deberase ofrecer desde tódolos centros educativos, sen distinción de titularidade.
- 2.2. A Administración educativa debe arbitrar as medidas pertinentes para garantir que tódolos centros sostidos con fondos públicos escolaricen ese alumnado realizando unha escolarización racional do alumnado e evitando que se produzan grandes concentracións de persoas con dificultades de aprendizaxe, desmotivación, inadaptación, etc., nalgúns centros que poderían corre-lo perigo de se converter en "guetos".

Se fose imposible evitalo habería que lles proporcionar a estes centros dotacións de recursos extraordinarios e favorece-la actuación coordinada cos centros do seu contorno, ou fórmulas de escolarización externa que permitan atender en casos excepcionais ó alumnado con graves problemas de conducta.

- 2.3. No caso das necesidades educativas especiais aconséllanse modalidades de escolarización normalizadas e integradoras.

Para aqueles alumnos para os que non sexa posible esta modalidade de escolarización faríase necesaria a creación de centros específicos ou aulas específicas en centros ordinarios ou centros de integración preferente para atendelos adecuadamente.

- 2.4. Tamén sería conveniente potenciar outro tipo de modalidades específicas de escolarización combinada, a escola itinerante ou outras que, en definitiva, veñen supor unha flexibilización da escola como institución que permita unha atención máis axeitada ós alumnos.

- 2.5. Na mesma liña, deberíanse establecer medidas que lle permitan á poboación escolar a súa continuidade nos ciclos educativos de xeito ininterrompido, con independencia da permanencia ou non nun lugar determinado durante períodos prologados (fillos de temporeiros, alumnado enfermo, etc.).
- 2.6. Sempre que se vaia producir unha modalidade de escolarización específica, deberá estar avaliada polo correspondente informe psicopedagóxico e deberá estar sometida a un proceso de adscrición guiado por criterios técnicos e no que deberá ter audiencia a familia.

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas desde as que cómpre atender á diversidade do alumnado deben ser curriculares e organizativas, sabendo que ámbalas dúas son imprescindibles e complementarias.

Nin as medidas curriculares nin as organizativas serían posibles sen un sistema que tivera a flexibilidade suficiente e que, xa que logo, dotara os seus centros de autonomía que permitira a toma de decisións e a execución desas decisións.

É imprescindible, por tanto, que os centros educativos gocen dunha autonomía curricular e organizativa que, exercida responsablemente, resulte suficiente para atender á diversidade de forma contextualizada.

- 3.1. Os centros educativos deberían desenvolver un plan integral de atención á diversidade, con medidas ordinarias e extraordinarias, que permitan estruturar sistemas de apoio ó alumnado, a partir duns obxectivos prioritarios consensuados polo centro, de metodoloxías adecuadas e adestramentos específicos, mantendo a conexión coas áreas habituais e procurando que tódolos alumnos obteñan os obxectivos da etapa correspondente.

3.2. MEDIDAS CURRICULARES

- 3.2.1. O proxecto curricular debe formular de maneira explícita as estratexias necesarias para adapta-la intervención educativa ó alumnado e, en consecuencia, este documento debe ser referente e marco que lle dea coherencia a toda a atención á diversidade.
- 3.2.2. Racionaliza-lo currículo, determinando claramente os obxectivos prioritarios, entendendo como tales os que resulten imprescindibles para aprendizaxes posteriores, especialmente aqueles que contribúen o desenvolvemento de capacidades xerais (comprensión e expresión, resolución de problemas, busca e selección de información, etc.) e que posúen unha grande funcionalidade.

- 3.2.3. Todo o que supoña algunha modificación do currículo débese considerar como unha tarefa común para todo o profesorado, organizado en equipos pedagóxicos a estes efectos, e non como un traballo específico dalgúns especialistas.

Levar a cabo a adaptación curricular do alumnado que o requira de forma equilibrada, co fin de non descoída-la adquisición dos obxectivos xerais e, en consecuencia, a formación básica que caracteriza a educación obrigatoria. De tódolos xeitos, débese contar coa aportación dos pais en todos aqueles casos en que a súa opinión poida servir de axuda.

Realizar unha avaliación psipedagóxica previa á diversificación curricular, como parte do proceso de avaliación formativa, evitando que esta sexa entendida ou utilizada como medida de clasificación. A dita avaliación non só debe determina-las capacidades xerais do alumnado, senón tamén a súa competencia curricular; é dicir, o seu grao de coñecemento dos contidos esenciais das distintas áreas cursadas, así como outros datos relevantes (motivación, expectativas, autoconceito, etc.).

- 3.2.3. Desenvolver estratexias diferenciadas de intervención na aula, organizando grupos flexibles, propondo actividades de aprendizaxe variadas e materiais didácticos diversos, e establecendo diferentes vías para o acceso ós obxectivos comúns.

A diferenciación, dentro das actividades de aprendizaxe propostas, entre distintos graos de desenvolvemento das capacidades expresadas nos obxectivos xerais e entre contidos básicos e complementarios (de reforzo ou de ampliación), en función dos niveis aptitudinais, da capacidade de aprendizaxe e da diversidade de intereses e motivacións dos educandos, pode se-la estratexia máis sinxela e adecuada para atender-la diversidade nos nosos centros e aulas.

- 3.2.4. A opcionalidade ou optatividade que contempla o currículo vixente é un elemento que pode facilitar a moitos alumnos o acceso ó currículo obrigatorio a través de propostas didácticas máis afíns ós seus intereses.

A oferta de optativas, que ten un notable peso relativo no horario, deberíase rexer exclusivamente polas necesidades e intereses do alumnado e evita-lo solapamento de contidos que, ás veces, se produce entre áreas ou materias e a titoría grupal.

Desenvolver programas de diversificación curricular, concretando os obxectivos, as funcións e as actuacións dentro do proxecto educativo do centro. Estes programas van facer posible o logro dos obxectivos xerais da ESO e, en ningún caso, van comportar unha proposta segregadora para o alumnado.

- 3.2.5. Cómpre recoñecer e favorecer-la acción titorial como actividade central de seguimento, apoio e orientación do alumnado.

3.3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- 3.3.1. Tódalas medidas de atención á diversidade deben obedecer a un plano previamente definido que conterà a planificación, o seguimento e a avaliación destas medidas.

- 3.3.2. Os centros teñen que poder organizarse de maneira que se permitan agrupamentos transitorios e flexibles, que exista a posibilidade de traballar por proxectos de área ou interdisciplinares, sen a rixidez imposta pola organización horaria asignada ás distintas áreas.

Do mesmo xeito, débese prestar atención á elaboración dos grupos, á confección dos horarios, á asignación do profesorado e dos titores, á xestión dos espazos, etc.

Potencia-los desdobramentos (idiomas como laboratorios, etc.) e os agrupamentos flexibles. A determinación dos grupos debe estar delimitada a tarefas concretas vinculadas á avaliación das necesidades dos alumnos e sometida a revisión periódica.

- 3.3.3. Os grupos, como esixencia da comprensividade, deben ser heteroxéneos, tal e como lle corresponde á diversidade existente na sociedade.

Pola contra, son desaconsellables os grupos homoxéneos en razón da capacidade das interaccións do grupo. Este tipo de grupos só ten sentido se se fai de maneira transitoria e cun plan especial de actuación baseado na discriminación positiva, ou ben cando se fai como consecuencia de adaptacións curriculares significativas.

- 3.3.4. Poderíanse constituír, de forma excepcional, grupos específicos que traballen por proxectos, tendo como eixo unha actividade práctica, aínda que sen renunciar ós obxectivos formativos establecidos para a ESO coa finalidade de conseguirla súa titulación.
- 3.3.5. Sería necesario reduci-lo número de docentes que actúa en cada grupo de alumnos, reconducindo a función dos especialistas de educación primaria e, na ESO, posibilitando que o mesmo docente imparta varias áreas ou conformando un único ámbito de traballo entre varias áreas do currículo en contra da tendencia actual dalgunha das administracións educativas, que están facilitando a división das áreas.
- 3.3.6. Demanda-la coordinación das diversas administracións públicas para que os centros educativos dispoñan de información relativa ás iniciativas de escolas-obradoiro e programas de atención comunitaria existentes na zona.

4. RECURSOS E CONDICIÓNS

Con carácter xeral, as propostas de mellora reclaman como requisito indispensable a conseguinte dotación de recursos económicos en cadro de persoal, en equipamentos, en materiais didácticos e na formación do profesorado.

O recurso fundamental é o profesorado, do que a súa formación inicial debe responder ós retos e esixencias que derivan da concepción educativa que subxace nas nosas leis. O esencial é a consideración do docente como auténtico educador, o que implica coñecementos, habilidades e destrezas educativas e, sobre todo, actitudes adecuadas.

A formación inicial deberase complementar con formación permanente, na medida do posible, nos centros, ou para grupos amplos de profesores dun mesmo centro.

A complexidade das tarefas que implica a atención á diversidade esixe unha formación no ámbito da organización e xestión para o desempeño da función directiva.

- 4.1. A maioría das propostas de mellora esixen a dotación e coordinación de recursos humanos especializados (profesorado de Pedagogía Terapéutica, orientadores, centros de recursos) e as partidas orzamentarias en equipamento.

A dotación destes recursos especializados non deberá supor, en ningún caso, a inhibición do resto do profesorado.

- 4.2. Dotar cada centro dos recursos materiais e humanos necesarios para que, no uso da súa autonomía e co control que sexa necesario pola parte da Administración educativa, poidan desenvolver fórmulas variadas de atención á diversidade do alumnado desde o seu proxecto educativo, destinando recursos económicos e humanos complementarios a aqueles centros e zonas en que o alumnado é de procedencia especialmente desfavorecida.
- 4.3. Tendo en conta que unha parte do profesorado ten unha formación, polo menos inicial, máis epistemolóxica ca didáctica, sería preciso desenvolver programas de formación en aplicación de medidas de atención á diversidade e na realización de adaptacións curriculares.

Esta formación debería ter un carácter eminentemente práctico e estar baseada en exemplificacións concretas de elaboración e aplicación de adaptacións curriculares nas diferentes áreas. A súa finalidade sería a de apoiar-lo traballo do profesor na aula diante dunha diversidade do alumno cada vez maior.

5. AVALIACIÓN

É necesario que cada centro, no proceso de avaliación interna, contemple especificamente as medidas de atención á diversidade referidas ó diagnóstico previo, ás adaptacións curriculares ós criterios de promoción e ás medidas organizativas específicas.

Resulta imprescindible desenvolver un programa de seguimento e avaliación, coa implicación do departamento de orientación e/ou orientador, se é o caso, da aplicación en toda a educación obrigatoria das medidas de atención á diversidade, que se concretaría nas seguintes propostas:

- 5.1. Analizar por parte do centro, trala valoración do equipo educativo e, de se-lo caso, do orientador, todos aqueles casos de alumnos que estean recibindo medidas de atención á diversidade sen contar cun diagnóstico previo e un seguimento da súa situación particular, e proceder axiña á elaboración do diagnóstico e medidas de seguimento requiridas.

- 5.2. Estudiar por parte do centro o número e tipo de adaptacións curriculares levadas a cabo en cada centro escolar, así como outras medidas curriculares.
- 5.3. Analizar por parte do centro os criterios de promoción en cada centro e dos plans de seguimento específico para aqueles alumnos que requiren de medidas de atención á diversidade, tanto no caso de que deban repetir curso como no caso de que promocionen.
- 5.4. Estudia-la eficacia e a eficiencia das distintas medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade ó longo da súa escolaridade, así como dos seus axentes educativos.

6. MEDIDAS MÁIS XERAIS

- 6.1. A Administración educativa debe articula-la normativa pertinente para garantir unha atención eficaz de tal maneira que se poida realizar unha planificación, coordinación, seguimento e avaliación destas medidas.
- 6.2. A atención á diversidade esixe unha acción coordinada dos centros educativos e das familias do alumnado, tanto con fins informativos como de implicación colaborativa nos procesos educativos.
- 6.3. Así mesmo, os servizos escolares deben estar conectados coas redes de servizos sociais, culturais, sanitarias, etc., que se prestan desde tódolos niveis da Administración e desde as organizacións sociais do contorno. Moitos problemas que presenta o alumnado só poden ser abordados eficazmente desde unha visión multiprofesional, xuntando os esforzos e posibilidades de tódalas institucións implicadas.

A ESCOLA INTERCULTURAL

0. INTRODUCCIÓN

As características do mundo actual, entre as que paga a pena cita-las da globalización, facilidade de desprazamentos, desigualdades entre países ou cambios vinculados ás novas tecnoloxías, dan lugar a unhas sociedades modernas onde o fenómeno da interculturalidade é, cada vez en maior medida, unha realidade á que a educación lle debe da-la debida resposta.

Dado que a educación debe prepara-las novas xeracións para afrontar con éxito e de maneira satisfactoria os problemas que a vida lles suscite, é preciso aborda-la interculturalidade de tal xeito que, lonxe de se converter nun problema, contribúa á formación dunha sociedade máis xusta, culturalmente máis rica e socialmente máis solidaria.

Unha consecuencia disto é a escola intercultural, que se apoia nas seguintes afirmacións compartidas:

A escola intercultural forma parte do proceso global de “atención á diversidade”. Trátase doutro tipo ou forma de diversidade que debe ser tratada da maneira máis personalizada posible.

No marco da cultura maioritaria, o intercambio e a convivencia entre os distintos colectivos produce a aparición da sociedade intercultural. As transformacións asumidas polas distintas culturas conducen a un novo espacio cultural común, que se irá modificando co tempo. Nel persistirán, en harmonía, as referencias á cultura orixinaria por parte dos grupos diferenciados, sen que a súa presenza supoña unha distorsión ou falta de respecto dos propios valores sociais e culturais.

As bases do novo punto de acordo débense sustentar nos principios que se refiren á convivencia comunmente aceptados:

- Os dereitos humanos universalmente aceptados.
- Os dereitos do neno e do rapaz.
- Os principios básicos dos sistemas democráticos.

1. CONCEPTO E SENSIBILIZACIÓN

- 1.1. A educación intercultural parte actualmente de medidas políticas globais dirixidas a todo o alumnado que se caracterizan pola preparación para vivir en sociedades multiculturais, o respecto e a crítica de tódalas culturas que asuman como propios os principios da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, así como o principio do intercambio e a comunicación por riba da potenciación das diferencias e o rexeitamento activo ó racismo e a xenofobia.

O proceso de integración prodúcese tanto por parte da sociedade de acollida, de signo maioritario, como do colectivo recentemente chegado. A interacción e o intercambio entre culturas transfórmaas e modificaas e, pouco e pouco, aparece un novo “nós”. Pártese da idea de que a cultura é unha realidade dinámica e dialéctica.

A educación intercultural procura preparar tódalas persoas para viviren a multiculturalidade social e salienta, especialmente, as dimensións comúns que posibilitan o entendemento e a convivencia, en lugar das diferencias, respectando ó propio tempo a diversidade cultural.

A nosa sociedade é moito máis heteroxénea que hai uns anos e a reivindicación de vivir satisfactoriamente desde a diferenza será cada vez máis importante. Iso significa que convén desenvolver unha cultura compartida que permita conciliar intereses individuais e intereses colectivos, presidida por valores e actitudes que favorezan a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Por conseguinte, cómpre que nos proxectos

educativos dos centros se introduzan os principios e os valores referidos á educación intercultural e que a práctica educativa dos centros teña sempre presente a diversidade de orixes e de culturas do seu alumnado. Ademais, a educación intercultural debe impregnar toda a comunidade educativa máis aló da práctica educativa que o profesorado desprega nas aulas. Nese sentido, as canles de comunicación que os centros lles propoñen ás familias deben ter en conta a súa diversidade social, económica e cultural. Do mesmo xeito, as asociacións de pais e nais de alumnos deben asumir esta diversidade familiar e incorporala ás súas propostas.

- 1.2. A implantación dun modelo de escola intercultural esixe programar accións encamiñadas non só de forma directa ós escolares doutras culturas e ás súas familias, senón tamén ós nosos propios escolares. É necesario que a escola asuma con naturalidade o pluralismo e a diversidade como algo inherente á natureza humana e algo, desde todo punto, enriquecedor.

Neste senso, a admisión plena do culturalmente diverso non se debe concibir como exclusivamente no seu propio beneficio senón tamén como proveito e enriquecemento noso.

- 1.3. Os programas de sensibilización nas comunidades escolares, profesorado, familias, alumnado e persoal de servizos e administración sobre o significado da interculturalidade que nos chega, deben ter un carácter preferente.
- 1.4. A acción educativa de atención á interculturalidade débese caracterizar por unha visión integradora dos intereses, evitándose visións excluíntes ou monopolistas deles e potenciando os elementos comúns existentes en todas elas. Os programas deben incorporar conceptos como a comprensión da diversidade, o respecto e a integración. En ningún caso a devandita integración debe ser entendida como asimilación, senón como unha mestura necesaria que incorpore os elementos máis valiosos de ámbalas visións culturais.
- 1.5. A escola é un lugar apropiado para iniciar o encontro e o diálogo entre os que teñen e viven en universos culturais distintos. Para que este diálogo sexa real tódalas culturas, incluídas as minoritarias, deben ter o seu espazo de afirmación e un recoñecemento social. Todos deben estar en disposición de recoñecer o que teñen as outras culturas e aceptaren, na cultura propia, os cambios necesarios en todo o que se vexa superado ou supoña un freo para o desenvolvemento persoal e colectivo.
- 1.6. A escola intercultural daralles a coñecer a tódolos escolares as culturas dos países de procedencia de todos eles. A escola intercultural, efectivamente, non terá que ser soamente unha escola en que as distintas culturas entren para que, na medida do posible, cada alumno se eduque na súa. Esta escola débelle dar a coñecer e a estimar a tódolos escolares as culturas dos demais. Só neste coñecemento e nesta estima se pode fundar axeitadamente a convivencia respectuosa e enriquecedora, superando a prevención espontánea contra o diferente e o descoñecido.

Ademais, só deste xeito a interculturalidade da escola se constitúe en autenticamente enriquecedora para todos.

- 1.7. A escola débelle facer ver ó alumnado e á comunidade educativa que os pobos teñen culturas diversas e que iso é enriquecedor, que non son tolerables as diferencias de trato entre culturas dominantes e dominadas; tamén é oportuno que a escola afirme a validez universal dos dereitos humanos, único límite para a integración das diversas culturas e punto de encontro de todas elas.

2. LEXISLACIÓN E NORMATIVA

- 2.1. É importante que as administracións educativas, de maneira coordinada, establezan unha normativa que recolla aspectos como:
 - A acollida e avaliación previa.
 - As competencias neste campo dos equipos de acollida ou avaliación e das comisións de escolarización.
 - As obrigas ó respecto dos centros.
 - Os modelos xerais de atención educativa ó alumnado en idade escolar.
 - A atención educativa dos adultos.
- 2.2. As comunidades autónomas poderán desenvolver, no seu ámbito competencial, entre outras propostas, as seguintes:
 - a) Pór en marcha convocatorias para a realización de proxectos, con carácter experimental, de educación intercultural
 - b) Emitir, tralo oportuno estudio xurídico e partindo dunha proposta feita con sensibilidade social, elaborar e remitir instrucións ou recomendacións a centros educativos e inspeccións, solucionando as dúbidas máis frecuentes neste tema: garantía do dereito básico de acceso á educación, matriculación, traslados de expedientes, solicitude de libros de escolaridade, absentismo, criterios de promoción, etc.
 - c) Establecer criterios para evita-la excesiva concentración do alumnado estranxeiro en determinados centros, e tamén medidas favorables para reduci-las ratios nese tipo de centros.
 - d) Editar unha guía sobre as principais características do noso sistema educativo, nos idiomas con maior presenza entre o alumnado estranxeiro e con referencias básicas á nosa oferta educativa e normativa de funcionamento, co fin de orientar a pais e nais recentemente chegados que descoñecen os nosos idiomas.

- e) Regula-lo procedemento de homologación e validación de estudos e títulos estranxeiros para que se realice dunha maneira máis rápida que na actualidade, e establecer unha certa flexibilidade no momento de adscribir ese alumnado a niveis ou grupos independentemente da súa idade.

3. ESCOLARIZACIÓN E ACCESO Ó SISTEMA EDUCATIVO

- 3.1. Tódolos centros sostidos con fondos públicos e dotados de recursos similares teñen a obriga de atender convenientemente ó alumnado que, polas súas características culturais, étnicas ou sociais ou situación de ilegalidade, así o requira, coas medidas didácticas axeitadas. As administracións educativas establecerán programas de integración de acordo coas necesidades do seu territorio e esixirán a tódolos centros o cumprimento das súas obrigas, sen permitir que determinados centros as eludan.

As administracións deberán protexe-lo dereito de elección das familias, de conformidade coa lexislación vixente, pero ó mesmo tempo deben evitar que determinados centros seleccionen directa ou indirectamente o seu alumnado e que se produzan concentracións que modifiquen e impidan o propio concepto de integración e normalización educativa, potenciando en todo momento a cohesión social.

- 3.2. Establecer de xeito consensuado cos centros públicos e concertados dunha mesma localidade ou zona escolar o sistema de escolarización do alumnado con problemas sociais ou procedente de grupos culturais ou étnicos diferenciados.

Desde unha perspectiva intercultural non semella oportuna a escolarización de forma segregada das persoas que pertencen a colectivos culturais distintos. Débense evitar actuacións de agrupamento diferenciado que non sexan estrictamente necesarias e sempre deben ter carácter temporal.

Propomos, como xa se está a facer nalgúns concellos, establecer mecanismos de escolarización deste tipo de alumnado de maneira que a súa proporción manteña unha ratio aceptable e non distorsionante da realidade escolar.

- 3.3. Suxírese a importancia de crear xuntas ou comisións municipais ou de distrito de escolarización de inmigrantes e, en xeral, de alumnado con necesidades especiais. Estas xuntas, co diagnóstico dos centros de acollida e de recursos, asumirían todo o proceso de escolarización e a recomendación ou asignación de tipo de centro, sen esqueceren a necesidade de procura-la compatibilidade entre o principio de liberdade de elección de centro e a necesidade de facer reparto equitativo das solicitudes entre os centros sostidos con fondos públicos.
- 3.4. Atende-la escolarización tardía de alumnos e alumnas é un dos retos máis importantes. Non é o mesmo incorporarse á educación primaria que facelo en secundaria e, nesta segunda, non é o mesmo no primeiro ciclo que no segundo. En calquera caso, a

escolarización debe combina-la integración no centro escolar desde o momento da súa chegada coa atención individualizada para domina-las ferramentas instrumentais precisas no proceso de ensino-aprendizaxe.

Cando a incorporación se produce de xeito tardío pode ser necesaria unha atención intensiva para os recentemente chegados que os prepare para a súa incorporación ó sistema ordinario. A excesiva prolongación destas experiencias podería altera-los obxectivos xerais educativos previstos de integración.

Este tipo de alumnado esixe unha atención tutorial individualizada que poida efectuar un seguimento das aprendizaxes instrumentais básicas. Este titor ou titora especial debe preocupar establece-lo historial educativo do alumnado e debe garanti-lo contacto persoal co alumno e a súa familia. É importante que estes titores sexan especialmente sensibles ás dificultades destes alumnos que teñen unha vida cotiá diferente á habitual.

- 3.5. A concentración de alumnado inmigrante ou de minorías étnicas en determinados centros é consecuencia natural do feito de que esa poboación adoita concentrarse en determinados lugares onde lles é posible atopar traballo ou onde a residencia lles é máis alcanzable. Insistimos na necesidade dunha desconcentración sometida a certos límites, como medida necesaria para a verdadeira integración no noso sistema educativo; nesta liña propoñemos:
- a) *O diálogo social.* Débese impulsa-la reflexión e o intercambio entre tódolos implicados co colectivo social acollido e as súas asociacións, para informar, sensibilizar e concienciar da problemática que afecta a toda a comunidade.
 - b) *O diagnóstico.* A partir do coñecemento detallado das posibilidades do contorno e das características e a situación da inmigración, convén emitir un diagnóstico para orientar sobre as medidas que se adopten e determina-las accións e recursos.
 - c) *O proxecto global.* As accións illadas son pouco eficaces e adoitan ser discontinuas. Convén elaborar un proxecto global, de acordo co territorio (comarca, cidade, barrio, pobo, etc.) que parta do consenso e de compromisos máximos e que dispoña de efectivos para asumiren a tarefa de coordinación.
 - d) *O compromiso político.* Deben existir medidas políticas concretas e operativas de acollida, orientación, vivenda, industria, servicios sociais, integración sociolaboral, lecer, etc.
 - e) *A coordinación de tódalas instancias.* A Administración educativa e os seus diferentes programas, a Administración local e tódalas áreas correspondentes, as institucións e os axentes sociais do territorio deben actuar de xeito coordinado.
 - f) *A información e a formación na educación intercultural,* como orientación global e explicativa das medidas que arbitren.

- g) *Dispor de recursos necesarios e velar pola aplicación coordinada, eficaz e rendible.* Convén prestarlle atención especial á organización dos recursos procedentes das diferentes instancias.
 - h) *A mediación.* Establecemento dunha canle persoal e institucional que faga doada a comunicación entre os centros escolares e as familias afectadas, sen prexuízo de que a acción mediadora poida estenderse a outras dimensións da atención social.
- 3.6. Nas comunidades con dúas linguas oficiais, unha función primordial que debe ser asumida colectivamente por tódolos implicados é que todos coñezan ámbalas dúas linguas oficiais. A escola debe propiciar-la aprendizaxe das linguas oficiais que descoñezan.
 - 3.7. Tamén resulta aconsellable que as comunidades en que a lingua oficial única sexa o castelán propicien o coñecemento doutros idiomas oficiais doutras comunidades como medio de achegamento a mundos culturais diferentes, non só pola súa finalidade utilitaria senón pola súa dimensión intercultural.
 - 3.8. As dotacións para libros ou material escolar que as administracións educativas están a proporcionar deberan dar prioridade ós centros que reciben maior número de alumnos inmigrados.

4. RECURSOS HUMANOS

- 4.1. A atención integral que este tema require supón necesariamente o compromiso con recursos concretos das administracións competentes nos seus diferentes ámbitos (benestar social, saúde, educación, urbanismo, etc.), con persoal cualificado na liña de pór en marcha iniciativas de interacción comunitaria con outros axentes sociais.
 Para iso deberase chegar a acordos que obriguen as partes a ofrecer recursos complementarios (humanos e económicos), tanto para centros públicos como para concertados, favorecendo as dotacións orzamentarias e de cadro de persoal, e tamén a concertos educativos. A dotación destes medios estaría condicionada á asunción por parte de todo o centro de proxectos deste tipo.
 Se a actual lexislación o impidise, deberíase modificar establecendo módulos diferentes de cadros de persoal e de recursos económicos que asuman esta poboación. Trátase de darlle máis a quen máis o necesita, cumprindo así co principio de solidariedade.
- 4.2. Os equipos multiprofesionais de zona, distrito ou provincia deberan contar con profesionais especializados de apoio, profesorado de idiomas para estranxeiros, mediadores culturais e lingüísticos, educadores sociais ou de rúa, traballadores sociais, etc., que puideran ser destinados con carácter temporal ou itinerante.
- 4.3. Propomos que se poidan establecer aulas ou unidades nun centro de recursos ou semellante ou nos propios centros educativos, para a aprendizaxe do idioma, para a apren-

dizaxe e asunción de comportamentos e habilidades sociais ou valores habituais na nosa sociedade, e para poder defini-lo nivel académico que lles corresponde e o modelo ou tipo de integración escolar. A permanencia neste tipo de unidades debera estar limitada temporalmente.

Propónse que, para escolariza-lo alumnado procedente de grupos sociais ou étnicos que inesperadamente chega a unha localidade ou a un territorio e que pide unha praza nun centro, exista unha avaliación previa que detecte as necesidades educativas deste alumnado e que sinale o tipo de escolarización que se debe realizar, as súas condicións, os medios que precisa, etc.

- 4.4. Considérase de especial importancia que as administracións educativas aproveiten a experiencia do profesorado que teña prestado servizos docentes en centros no exterior, xa que a súa presenza no desenvolvemento de programas de integración podería aportar importantes suxestións e puntos de vista contrastados coa realidade.

5. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS

- 5.1. Elaborar por parte das administracións educativas programas de atención á poboación inmigrante e minorías étnicas tendo en conta a realidade do seu territorio. Ademais da análise de necesidades deberanse establecer as liñas de actuación que se van seguir e os recursos que se van pór ó seu dispor. Inclúense orientacións ou modelos de intervención educativa que se desexan potenciar ou propor ós centros e disporanse os medios para que o profesorado poida coñecer as culturas do seu alumnado, así como modelos de aproveitamento didáctico de cada unha delas, de tal xeito que os alumnos se sintan identificados coa súa cultura e, ó mesmo tempo, entren en diálogo cos que teñen culturas distintas. Nestes programas deberanse prever as demandas que vaian xurdindo como resultado de movementos migratorios ou de situacións de rexeitamento social que, polo menos de forma indirecta, lles poidan afectar ós centros escolares.
- 5.2. Urxe preparar e editar modelos de adaptación curricular temporais co obxectivo de adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de referencia, especialmente nos casos de incorporación tardía ó sistema escolar. As adaptacións deberán partir da avaliación psicopedagóxica e social que teña o nivel de competencias do alumno/a, as súas estratexias, o ritmo de aprendizaxe e o contexto social e familiar. As adaptacións curriculares deben facer fincapé nas aprendizaxes instrumentais básicas.
- 5.3. Intercambiar experiencias entre quen ten problemas e proxectos similares, tanto da mesma comunidade autónoma coma doutras comunidades ou doutros países, é un modo de enriquecemento da acción educativa. É importante recoller experiencias válidas levadas a cabo polos centros en diferentes contextos, que sirvan de modelo ou

de arrinque da propia reflexión para outros centros que se atopen con este problema ou desexen mellora-la súa intervención.

- 5.4. Adestrarse nos actuais modelos curriculares de aprendizaxe cooperativa ou do contrato educativo pode resultar un medio útil e axeitado nos procesos de ensino-aprendizaxe destes colectivos.
- 5.5. Editar unha guía de medidas organizativas e criterios metodolóxicos dirixida ós centros receptores do alumnado inmigrante.
- 5.6. Preparar uns programas específicos de aprendizaxe das linguas propias na educación de persoas adultas. Non existe de maneira normalizada a programación atractiva de clases das linguas da comunidade de acollida, o que non lles facilita ás persoas adultas inmigrantes a súa integración social e o seu acceso a outros bens culturais.

Estes programas deberan contemplar tamén:

- Valoración positiva dos estilos de vida de distintos grupos culturais.
 - Valoración crítica dos valores culturais e de formas de vida
 - Información actualizada sobre as formas de vida e a situación dos grupos minoritarios.
 - Recoñecemento dos acontecementos históricos doutros pobos en relación coa nosa cultura (ademais da europea, países do Magreb ou Hispanoamérica).
 - A historia dos pobos e a súa relación coa situación actual.
 - Os valores doutras culturas como contribucións á convivencia.
 - Recoñecemento da diversidade lingüística e relixiosa en relación con outras culturas.
- 5.7. Son necesarias actuacións específicas de formación para a muller inmigrante por mor da situación e o papel que a muller desempeña en moitas culturas.

6. RECURSOS MATERIAIS.

A atención educativa e escolar no ámbito intercultural precisa de elementos materiais fundamentais como son:

- 6.1. Documentación de experiencias realizadas con éxito noutros países e nas nosas propias comunidades.
Programas e deseños curriculares específicos que sirvan de guía e orientación.
Proxectos de acción tutorial específica

- 6.2. Aulas ou espazos específicos nos centros educativos ou nos centros de recursos para a atención ó alumnado e familias procedentes de culturas diferentes.
- 6.3. Medios ou tecnoloxías da información e a comunicación no medio escolar, material audiovisual complementario ó equipamento de idiomas, láminas, cassetes, etc., programas de aprendizaxe ou perfeccionamento do español ou idiomas propios da Comunidade.

Os libros de texto deberán incluír:

- Ilustracións como reflexo da heteroxeneidade cultural.
 - Representacións de forma de vida e elementos culturais diferentes.
 - Ilustracións de familias doutras culturas.
 - Ilustracións que favorezan unha actitude positiva (non só problemas, senón tamén aspectos positivos).
 - Presencia explícita nos textos de diversidade cultural.
- 6.4. Bibliotecas escolares e de aula incorporando textos referenciais sobre a diversidade educativa. Dotación económica para a adquisición de fondos.
 - 6.5. Partidas económicas destinadas ós centros que acollan este tipo de alumnado.

7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

- 7.1. Estes programas interculturais atopan na autonomía dos centros os elementos máis recomendables para acadar os efectos previstos co alumnado. Faise necesaria a adecuada formación do profesorado para a educación intercultural nos centros, e para a realización de programas específicos de integración.
- 7.2. Obsérvase que a maioría de profesores e profesoras en activo recibiu unha formación inicial que non tiña en conta os contidos da educación intercultural nin os aspectos curriculares, metodolóxicos e organizativos que se derivan dos problemas educativos relativos á incorporación tardía do alumnado estranxeiro. Requírese un profesorado disposto a atender e a educar un alumnado cada vez máis diverso social e culturalmente.
- 7.3. Resulta urxente preparar un ambicioso plan de formación do profesorado que atenda ou poida atender o alumnado pertencente a minorías étnicas e inmigrantes; plans que deben contemplar o coñecemento dos valores e hábitos que lles son propios e propostas para desenvolver e apoiar aqueles aspectos que pola súa importancia e interese poidan servir como elementos de conexión.

- 7.4. Débense realizar plans de formación específica en educación intercultural que afecten á totalidade dos compoñentes da comunidade escolar.
- 7.5. Animámo-la universidade para que prepare profesionais en educación intercultural, persoal de tradución e interpretación das linguas propias do inmigrante que chega ó noso territorio, pondo en marcha, á vez, proxectos de investigación e desenvolvemento en colaboración coas administracións autonómicas e central.

8. COLABORACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS E ADMINISTRACIÓNS

- 8.1. O fenómeno da interculturalidade social e as súas implicacións no ámbito escolar están fortemente influídos pola política de inmigración que se mantén a nivel xeral e polos seus compoñentes económicos e sociais. Imponse, xa que logo, unha acción concertada das administracións públicas e dos seus diversos órganos á hora de abordar-lo problema, xa que enfocalo desde unha perspectiva exclusivamente educativa significa darlle un tratamento parcial á cuestión e non garante os resultados desexados.

Considerando o futuro demográfico e económico inmediato, no que se prevén incrementos anuais moi significativos de persoas inmigrantes que deben ser integradas para tódolos efectos na nosa sociedade, adquire carácter de urxencia a “acción concertada das administracións“ á que se fai referencia neste punto.

Nesta acción concertada das administracións permítense ter en conta a Unión Europea, xa que España é, pola súa xeografía, unha fronteira moi notable para a UE.

- 8.2. A acción da escola intercultural non a poden desenvolver soamente os docentes, en función das condicións sociais e laborais da poboación afectada. Hai unha función de trascendental importancia reservada ó educador social ou traballador social, como mediador entre o titor escolar e as familias dos alumnos, normalmente imposibilitadas de manteren relacións habituais co centro.

Coa finalidade de favorecer-la integración do alumnado inmigrado dunha forma máis rápida, proponse a participación nos centros docentes de persoas e entidades como colaboradores, mediadores, interlocutores, monitores, etc. Preferentemente deben ter vinculación coas culturas de orixe para realizaren funcións de apoio.

Destes asistentes sociais requírese unha especial capacitación e dedicación, xa que, por unha banda, deben estar integrados de cheo na dinámica escolar (contacto constante con titores e directivos, presenza nas xuntas de avaliación, claustro e consello escolar, comunicación constante coas APA, como canle representativa das familias no ámbito escolar, etc.) e, por outra banda, cunha plena capacidade de comunicación coas familias inmigrantes.

- 8.3. Resulta urxente o deseño de programas de colaboración con diferentes países e entre as comunidades autónomas.